

Tema 9: España unha economía de servizos

ESQUEMA DA UNIDADE

- 9.1. Terciarización da economía e sociedade do benestar.
- 9.2. Distribución comercial e espazos do consumo.
- 9.3. Os servizos financeiros a súa organización espacial e a balanza de pagamentos.
- 9.4. Transporte e comunicacións.
- 9.5. Os espazos turísticos.
 - 9.5.1. Paisaxes turísticas.
 - 9.5.2. Impactos e políticas de ordenación.

TEMA (pregunta teórica)

- *Sector servizos e o proceso de terciarización da economía en España e Galicia.*
 - Características do sector terciario.
 - Causas da terciarización.
 - Contrastes na localización dos servizos.

PRÁCTICOS

- Comentario de paisaxes turísticas.
- Mapas da distribución de redes e infraestruturas do transporte (AVE, autoestradas, autovías, portos e aeroportos).
- Mapas ou gráficos do movemento de viaxeiros.
- Mapas ou gráficos sobre a distribución e tendencias do turismo
- Gráficas sobre a evolución do comercio exterior e/ou interior.
- Gráficos e estudos sobre o impacto da sociedade da información.

VOCABULARIO

BALANZA DE PAGAMENTOS: Resumo de tódalas transaccións económicas realizadas entre un país e o resto dos países durante un ano.

ECONOMÍA SOMERXIDA: Actividade económica que se desenvolve á marxe do control dos poderes públicos, tanto dende o punto de vista legal (non existe contrato de traballo, cotización á seguridade social etc.) como económico (os seus ingresos non declaran nin cotizan á facenda pública pagando os correspondentes impostos).

ECOTURISMO: Ou Turismo Ecolóxico é aquel que valora sobre todo as condicións naturais principalmente a paisaxe; pretende ser tamén o máis respetuoso posible co medio intentando non deterioralo (non deixar refugallos, non provocar incendios, non prexudicar as plantas ou minerais que poida atopar ó seu paso etc.).

FRANQUICIA: Son cadeas de establecementos nas que unha gran empresa concede a explotación dos seus produtos a outra máis pequena a cambio do pago dunha cantidade determinada encargándose a gran empresa da publicidade, asistencia, imaxe do local etc. As pequenas empresas que recorren a este sistema beneficianse dos mellores prezos como consecuencia das compras centralizadas.

PLAN ESTRATÉGICO DE INFRAESTRUCTURAS DO TRANSPORTE (PEIT): É o Plan encargado de planificar todas as reformas e obxectivos referidos á nosa rede de transporte (estrada, ferroviario, marítimo e aéreo) entre os anos 2005 e 2020.

TAXAS AEROPORTUARIAS: Taxas que deben pagar nos aeroportos as compañías aéreas para poder realizar as tarefas de aterraxe e despegue dos seus avións.

TOUR OPERADORES: Sistema de organización do Turismo, sobre todo do internacional, no que grandes empresas especializadas se encargan de organizar a viaxe, dende o traslado ata a estancia en hoteis, visitas turísticas de interese etc.